

IGADI ANNUAL REPORT 2008-2009

# As crises dunha nova xeopolítica global



[www.igadi.org](http://www.igadi.org)

INSTITUTO  
GALEGO  
DE ANÁLISE  
E DOCUMENTACIÓN  
INTERNACIONAL



En Galicia  
temos  
opinión  
do Mundo



IGADI ANNUAL REPORT 2008-2009

---

# As crises dunha nova xeopolítica global



En Galicia temos  
opinión do Mundo

**Dirección:** Xulio Ríos. **Equipo colaborador:** Xosé Manuel Figueiras, Ánxelo González, Jared Larson, Xabier Macías, Roberto Mansilla, Roberto Montoya, Masashi Oki, Fernando Pérez-Barreiro, Enrique Sáez. **Capa, maqueta e edición electrónica:** Fernando Pol Trigo.

---

# Índice

## Presentación

As crises dunha nova xeopolítica global.....	4
--	---

## 1. As claves de 2008

1.1. Obama: nova era na Casa Branca .....	6
1.2. G-20 e a crise económica mundial .....	7
1.3. O poder olímpico de China .....	8
1.4. Rusia e o xadrez xeopolítico .....	9
1.5. Dramática xeopolítica das materias primas .....	10

## 2. Perspectivas para 2009

2.1. A crise económica global: 1929 no 2009? .....	12
2.2. Afganistán-Paquistán: epicentro da inestabilidade global .....	13
2.3. China: a hora da reinvención.....	14
2.4. Presidenciais en Sudáfrica .....	15
2.5. De Guantánamo a Bagdad .....	16

## 3. Reflexións por áreas xeográficas

3.1. Novas políticas en EEUU?, por <i>Jared Larson</i> .....	17
3.2. América Latina: cara a segunda independencia, por <i>Roberto Montoya</i> .....	18
3.3. África: violencia, xustiza, corrupción e esperanza democrática con fondo de crise, por <i>David Alvarado</i> .....	20
3.4. A influencia de Irán en Oriente Medio, por <i>Moncho Iglesias</i> .....	21
3.5. Xapón e o declive do PLD, por <i>Masashi Oki</i> .....	22
3.6. Des-Unión Europea 2009, por <i>Xosé Manuel Figueiras</i> .....	23

## 4. Reflexións transversais

4.1. Terrorismo global ou local?, por <i>Roberto Mansilla</i> .....	25
4.2. O altermundialismo en horas decisivas, por <i>Xabier Macías</i> .....	26
4.3. A crise financeira e os seus efectos, por <i>Enrique Sáez Ponte</i> .....	27
4.4. Límites da multipolaridade, por <i>Fernando Pérez-Barreiro Nolla</i> .....	28
4.5. Globalización e cultura, por <i>Ánxelo González</i> .....	29

O.

## Presentación

### As crises dunha nova xeopolítica global

O mundo experimentou destacados cambios en 2008, avanzando con paso máis decidido cara a multipolaridade, o cal, de confirmarse, pode implicar un cambio substancial na configuración do sistema de poder internacional. A mundialización, por outra banda, segue avanzando en parello á intensificación dos procesos de integración e cooperación rexional. A crise financeira internacional puxo fin a un relativamente longo período de crecemento económico.

Nos últimos anos, o sistema internacional acentuou a súa transformación gradual

dende o marco dunha superpotencia coexistindo con outras potencias, herdeiro da guerra fría, ata a multipolaridade, cun progresivo desprazamento do poder mundial dende as dúas beiras do Atlántico ata o Pacífico occidental, visibilizando así os reaxustes que está experimentando o sistema internacional, con novas reorganizacións e reestruturacións profundas que están mudando o equilibrio de poder global.

A vulnerabilidade de EEUU quedou novamente en evidencia en 2008 coa crise financeira orixinada en setembro en Wall Street e cun deterioro substancial da súa imaxe global en virtude das guerras en Iraq e Afganistán e outras políticas erráticas. O debilitamento do poder de EEUU tivo o seu contrapunto na recuperación do poder de Rusia, cunha demostración de forza en Xeorxia, posteriormente complementada con exercicios militares en América Latina, poñendo en xaque os propósitos de EEUU de expansionar a OTAN cara o Leste ou de instalar un escudo de defensa antimísiles ás portas de Moscova. A reactivación económica e a vontade política dos seus líderes incidiron na recuperación da influencia rusa.

Pola súa banda, China deixounos a súa nova carta de presentación nuns Xogos Olímpicos rebordantes de polémica e de exhibicionismo das súas capacidades, agrandadas co seu primeiro paseo espacial da historia, despois de 30 anos de aplicación da política de reforma e apertura. China confirmase como un dos principais motores da economía mundial, desempeñando un papel cada vez máis importante nos asuntos internacionais. No que atinxe á Unión Europea, a “Europa global” concibida por Sarkozy e Brown



en marzo como expresión dunha comunidade “aberta, flexible e que mira cara fóra”, segue xirando arredor da asunción ou non da súa independencia efectiva, o valor esencial que lle pode permitir ganar influencia nas cuestións internacionais.

Os cambios rexistrados en vellos contenciosos (problema nuclear norcoreano ou iraniano, Afganistán ou Iraq) abriron paso a novos conflitos (en Tailandia, Paquistán ou Zimbawe) e ao enquistamento doutros (Oriente Medio), con crecentes ameazas non tradicionais á seguridade, como o terrorismo, o cambio climático ou a piratería, obrigando a facer uso da forza militar para garantir a seguridade do tráfico comercial.

Todo o mundo confía en que a comunidade internacional aprenda da crise financeira, cunhas raíces que numerosas voces relacionan coa política económica liberal e non intervencionista aplicada polo goberno esta-

dounidense. É o momento de promover reformas para unha nova orde financeira e económica xusta e inclusiva, expresión dun ambiente institucional democrático que permita avanzar cara un mundo de xustiza, paz e prosperidade.

*O director.*



# 1.

## As claves de 2008

### 1.1.

#### **Obama: nova era na Casa Branca**

A vitoria de Barack Obama nas eleccións presidenciais estadounidenses celebradas o pasado 4 de novembro, probablemente constituíu o evento político máis importante do 2008. A elección de Obama certifica un cambio político na Casa Branca, tras oito anos de “neoconservadorismo” baixo a presidencia republicana de George W. Bush.

Moitas son as expectativas creadas en torno a Obama, alén das consideracións simbólicas de tipo racial e de clase social que supón a súa vitoria electoral. Obama asume o 20 de xaneiro de 2009 unha presidencia lastrada pola perda de credibilidade e influencia de EEUU no plano internacional, especialmente tralas guerras de Afganistán (2001) e Iraq (2003). A súa prioridade será, precisamente, recuperar tanto a confianza interna da sociedade estadounidense como a credibilidade do papel de Washington nun mundo en transformación.

Con esta perspectiva en curso, Obama deberá afrontar a peor crise económica mundial acaecida desde 1929, orixinada no modelo económico ultraliberal estadounidense imperante desde 1980. A necesidade da regulación estatal destinada a crear confianza no sistema económico e a posibilidade de afrontar un drástico cambio no mapa finan-

ceiro estadounidense e mundial, coa posible caída de máis e maiores bancos e firmas empresariais, serán realidades a ter en conta para Obama.

Deste xeito, a política económica de Obama estará basicamente centrada na aplicación dunha nova estratexia, tentada a recuperar o famoso New Deal de Franklin D. Roosevelt da década de 1930, e destinada a amortecer os presumibles efectos que terán a recesión e o desemprego. Un investimento de 700.000 millóns de dólares como estímulo fiscal para crear 2,5 millóns de empregos ata o 2010, así como a urxente necesidade de solucionar o deterioro da rede de protección social estadounidense e dar paso á utilización das medidas de protección ambiental dentro do futuro modelo económico, son factores que obrigan a sinalar a crise económica como a prioridade de maior envergadura para o goberno de Obama.

Outro eido de importancia capital será a configuración da futura política exterior estadounidense, agora en mans da recente nomeada secretaria de Estado, Hillary Clinton, rival electoral de Obama nas eleccións primarias do Partido Demócrata. Se ben a designación de Hillary achega un rostro simbólico que retrotrae a imaxe dos “dourados anos Clinton na Casa Branca”, a política exterior de Obama non estará exenta da participación de figuras consideradas como “falcóns duros”, como é o caso de Rahm Emanuel como portavoz presidencial ou Robert Gates no Pentágono.

Obama e a nova diplomacia estadounidense deberán medir os efectos dunha posible retirada militar de Iraq antes de 2012, do afianzamento da estratexia antiterrorista en

Afganistán e da urxencia do peche da ilegal prisión de Guantánamo, demandada mundialmente como símbolo do unilateralismo e das violacións de dereitos humanos, herdanza da “era Bush”.

Finalmente, Obama afrontará a presumible modificación do sistema de poder mundial, tendente a consolidar o multilateralismo e a multipolaridade, derivada do ascenso global de “potencias emerxentes” como China, Rusia, India e Brasil. Aquí cabe sinalar tamén a necesidade de asumir a reforma das institucións internacionais vixentes desde 1946, tales como a ONU, o FMI e o Banco Mundial, atendendo aos novos marcos de actuación.

## 1.2.

### **G-20 e a crise económica mundial**

O 10 de setembro de 2008 pasará á historia como outra das datas dramáticas para a economía mundial. A caída das entidades hipotecarias Fannie Mae e Freddie Mac, que controlaban o 75% do mercado hipotecario estadounidense, deu paso a unha urxente medida de intervención federal por parte do goberno de George W. Bush, a fin de garantir o 80% do seu capital. Esta situación foi provocada pola crise sustentada no outorgamento sen regulación das denominadas “hipotecas subprime” ou hipotecas de baixo custe.

A crise provocada por Fannie Mae e Freddie Mac impulsou un prolongado proceso de caída bursátil en Wall Street e no resto das bolsas mundiais, así como das tradicionalmente poderosas consultoras de risco

e aseguradoras como Lehman Brothers e AIG. A desesperada (e, en determinados aspectos errática) intervención da Reserva Federal estadounidense (FED) deu conta da magnitude da crise iniciada en EEUU, con evidentes repercusións globais.

Detrás desta imparabile caída de entidades e bolsas de valores está o fracaso dun modelo económico desenfreado, iniciado a comezos da década de 1980. A concesión de créditos sen regulación algunha, alentados polo crecemento económico mundial e a globalización financeira, asentou un modelo que, no 2008, estourou dando pábulo ás pantasma da crise económica de outubro de 1929 en Wall Street.

O pánico causado e a incapacidade gobernamental e dos axentes económicos tanto para identificar as solucións como para aplicarlas, deu paso a unha urxente demanda mundial por mudar o modelo económico imperante desde 1946 e as súas institucións máis representativas, como son o Banco Mundial e o Fondo Monetario Internacional (FMI).

Como medida oficial de solución concibiuse a xuntanza, a mediados de outubro en Washington, do G-20, un novo organismo que identifica ás oito grandes potencias económicas mundiais integradas no G-8 xunto a países considerados “potencias emerxentes”, como son os casos de Brasil, India, China, México, Sudáfrica, Indonesia ou Turquía.

O G-20 estipulou unha serie de mecanismos destinados a modificar substancialmente o modelo económico liberal, asumir a necesidade de intervención estatal, regular as concesións financeiras e estimular un equilibrio equitativo no comer-

cio internacional. Outros temas como o medio ambiente e o combate á pobreza foron tomados en conta. Resta por observar se o G-20 logrará consolidarse ao longo do 2009 como a entidade supraestatal necesaria para afrontar a magnitude desta crise económica global. Para abril de 2009 está prevista a próxima reunión da comisión de finanzas do G-20, a celebrarse en Londres.

Ademais de afianzar a preponderancia económica occidental, a xuntanza de Washington só permitiu intercambiar unha serie de posicións, demandas e declaracións de boas intencións, que imposibilitaron a definición de acordos duradeiros e solucións para a crise, reforzando a inercia e incapacidade política internacional para explicar qué é o que sucede e como pode solucionarse.

O escenario económico actual dá conta da recesión en EEUU e Europa, á espera de como evolucionará a situación en Asia, América Latina e África. Se ben tanto a FED como o Banco Central Europeo adoptaron unha serie de paquetes de axuda financeira ao sistema bancario dos seus respectivos países, existe a sensación de que poden resultar insuficientes para contrarrestar os efectos da recesión económica e o aumento do desemprego.

Con este panorama, debe igualmente estimarse a posibilidade dunha explosión social a escala global, tal e como sucedeu a comezos de 2008 coa crise alimentaria en países en desenvolvemento e como aconteceu a mediados de decembro en Grecia. Esta explosión social explicaría a frustración e incertezas respecto ao modelo económico vixente.

### 1.3.

#### **O poder olímpico de China**

A celebración dos Xogos Olímpicos en China salientou o ascenso chinés no escenario internacional, punto de partida que prognostica un papel protagónico para Pequín no mundo do século XXI.

Coa confianza outorgada pola eficiente organización do evento olímpico (non exento de presións externas), China amosou ao mundo a súa capacidade para afrontar os grandes retos e o seu liderado. A pesar de evidenciarse unha forte tensión política a nivel mundial polos acontecementos no Tíbet meses antes da cita olímpica, Pequín cumpriu eficazmente co seu cometido organizativo.

Paralelamente, a crise económica mundial acaecida en setembro de 2008 e a debilidade de Estados Unidos no plano internacional afianzou un papel inédito para China: o de converterse en banqueiro garante para afrontar solucións á crise financeira, en materia de pagos.

O potencial económico chinés tras 30 anos de reformas e apertura ao exterior permite intuír un escenario de fortaleza global: China representa actualmente o 6% da economía mundial, con crecementos anuais estimados superiores ao 9% nos últimos dez anos.

Así, aumenta a percepción de China como a gran potencia global do século XXI. O seu recente ingreso no Banco Interamericano de Desenvolvemento (BID) como actor donante, a súa consolidación na Organización Mundial do Comercio (OMC) e nos marcos de integración rexionais no sueste asiático e Asia Central, a súa alian-



za de intereses con Rusia e a dinámica presenza comercial e de influencia política de China en África e América Latina, dan conta do alcance do poderío chinés a nivel internacional.

O recente informe do think tank estadounidense National Intelligence Council (NIC), denominado “Global Trends 2025: a Transforme World”, da conta do traspaso de riqueza e poder económico de Occidente a Oriente, con China como evidente epicentro. China posúe a maior cantidade de reserva de divisas do mundo, e constitúe o principal socio comercial de Xapón e o segundo de Estados Unidos e a Unión Europea.

Non obstante, existen claroscuros sobre o poderío chinés. Os 30 anos de reformas tamén aumentaron as desigualdades socioeconómicas internas, especialmente en relación co difícil problema do desenvolvemento do rural chinés e a acumulación de riquezas por parte dunha nova elite económica. Se ben desde Occidente segue a reclamarse maiores avances nos dereitos humanos e na democratización, China é hoxe unha sociedade comparativamente máis aberta e plural que hai tres decenios.

A fortaleza do Partido Comunista Chinés (PCCh), contando actualmente coa cuarta xeración do liderado da República Popular China baixo o mando do presidente Hu Jintao, permite identificar o reforzamento do principal vínculo da identidade chinesa, representado por un nacionalismo non agresivo (que exhibe de forma clara no intenso achegamento a Taiwán), por riba de consideracións ideolóxicas socialistas ou maoístas.

#### 1.4.

#### Rusia e o xadrez xeopolítico

O retorno de Rusia en 2008 como poder político, enerxético e militar no contexto internacional supuxo a finalización da caótica era post-soviética (1991-2000), identificada pola debilidade rusa a nivel internacional e a súa compracente submisión a Occidente.

En marzo de 2008 materializouse un traspaso de funcións que, a grandes trazos, formaliza a actual estrutura de poder no Kremlin imperante desde 2000. Esta elite afianzouse coa elección presidencial de Dmitri Medveded como sucesor de Vladimir Putin (2000-2008) e a designación deste como actual primeiro ministro.

Esta nova nomenclatura moscovita, identificada no tándem Putin-Medveded, afianza igualmente unha elite estreitamente ligada aos sectores enerxético (particularmente ás empresas estatais Gazprom e Lukoil) e militar (especialmente desde os servizos de intelixencia e seguridade). Debe engadirse que Medveded está por adiantar unha reforma constitucional que permitiría o retorno ao poder de Putin para o período 2012-2016 e a súa posible reelección ata o 2020.

Desde 2007, Moscova ven denunciando con forza a ampliación occidental cara o espazo ex soviético, particularmente en Ucraína e Xeorxia, a través da expansión do polémico escudo antimísiles estadounidense e da OTAN. O rexeite ruso á independencia de Cosova en marzo de 2008, apoiada por EEUU e Europa, igualmente acelerou as tensións xeopolíticas entre Rusia e Occidente.

O clímax da tensión ruso-occidental foi a breve guerra no Cáucaso en agosto de 2008, unha vez as tropas xeorxianas atacaran po-

sicións independentistas dentro do seu territorio da república de Osetia do Sur que, xunto a Abxazia, alberga a comunidades rusófonas. A inmediata reacción militar rusa contra Xeorxia supuxo non só unha vitoria militar senón unha contundente mensaxe cara Occidente e as súas pretensións por dominar o espazo euroasiático ex soviético, considerado o “patio traseiro” ruso.

Reforzada a súa posición xeopolítica no Cáucaso e a falta de observarse a evolución da situación política en Ucraína (ante os problemas internos do goberno do pro-occidental Viktor Yushenko e a posibilidade de adianto electoral en 2009 que podería levar ao poder ao prorruso Viktor Yanúkovich) Moscova contraatacou, ampliando os seus imperativos xeopolíticos cara o hemisferio occidental, ás portas mesmo de Washington.

A xira de carácter enerxético e militar levada a cabo en novembro polo presidente Medvedev a Perú, Venezuela, Brasil, Cuba e Nicaragua, dá conta da pretensión rusa de afianzar variables de poder nun espazo tradicionalmente hexemónico para EEUU pero que, nos derradeiros anos, amosa unha marcada perda de influencia. Neste sentido, cómpre observar a alianza estratéxica militar con Venezuela, a reactivación de Cuba na esfera de influencia xeopolítica para Moscova e a inclusión de Brasil como aliado enerxético, político e militar.

Paralelamente, Rusia ven formalizando alianzas estratéxicas con China, India e Irán, concibidas na potenciación dun sistema internacional multipolar que sepulte o unilateralismo e a hexemonía de Washington imperante desde o final da “guerra fría” en 1991. Non obstante, a potencialidade enerxética rusa ante a baixa dos

prezos internacionais do cru e a crise económica mundial constituirán duros desafíos para Moscova e as súas pretensións xeopolíticas a partir de 2009.

### 1.5.

#### **Dramática xeopolítica das materias primas**

De forma inesperada, a mediados de 2008 experimentouse unha drástica baixa dos prezos do petróleo, de \$140 o barril a \$45, conxuntura enmarcada dentro dun crítico escenario dominado pola crise financeira e económica global. Esta caída dos prezos do cru afectará sensiblemente os intereses e o desenvolvemento de países produtores altamente dependentes do seu sector enerxético, como son os casos de Rusia, Venezuela, Irán e Nixeria, entre outros.

Debido á recesión económica mundial e á drástica caída da demanda mundial do cru, a Organización de Países Exportadores de Petróleo (OPEP) anunciou para 2009 a maior redución da súa produción na historia, calculada en 2,2 millóns de b/d. Igualmente, especúlase coa posible entrada de Rusia na OPEP, o que pode derivar en tensións nos mercados e con países produtores como Arabia Saudita.

Non obstante, esta conxuntura non diminúe o pulso global dos países e as multinacionais polo acceso ás reservas mundiais de petróleo e gas natural, escenario que podería agravarse no contexto xeopolítico de determinadas “zonas quentes” do planeta, como son os casos de Oriente Próximo, o Mar Caspio, a conca occidental africana e países produtores con problemas de polarización

política, como son os casos de Venezuela, Ecuador e Bolivia.

Paralelamente, o agravamento de determinados conflitos interétnicos e políticos en África Central, como é o caso actual da República Democrática do Congo (RDC), da rexión sudanesa de Darfur e da República Centroatricana, non só está espallando a “rexionalización” de determinadas guerras africanas (co seu consecvente efecto de crise humanitaria calculada en millóns de refuxiados e desprazados) senón que está materializando unha serie de intereses enmarcados na xeopolítica das materias primas.

No caso da RDC, están en xogo os intereses de diversas multinacionais sobre os seus estratéxicos recursos minerais, especialmente do coltán, elemento esencial para a fabricación da telefonía móbil, a tal punto que esta realidade determina en gran medida a influencia e a actuación dos actores políticos estatais, militares e paramilitares, tanto internos e externos, incluídos no drama congolés.

Outro recurso natural cun indubidable peso xeopolítico é o control das reservas de auga, elemento necesario que incrementa o pulso de diversos países e empresas polo seu control e que, en determinados contextos, incluso podería potenciar determinados conflitos. As concas do río Éufrates entre Iraq e Siria, o Curdistán turco e iraquí, Palestina, os recursos hidrográficos do Paraguai, a potencialidade das represas chinesas, África Central, etc, son escenarios que engloban unha serie de variables e intereses hidrográficos de gran valor estratéxico.

Cómpre observar tamén o eido da enerxía nuclear, que está retomando a súa importancia dentro do contexto global, cuestionan-

do incluso a vixencia e viabilidade do Tratado de Non Proliferación Nuclear (TNP). Existen diversos escenarios, especialmente no arco xeográfico entre Oriente Próximo e o sueste asiático, que poden interpretarse como incentivos para a proliferación ou ben como factores que obriguen a establecer un novo equilibrio nuclear.

Débese prestar atención ao desenvolvemento do pulso entre Occidente e Israel con respecto ao programa nuclear de Irán; o impacto global do acordo nuclear entre EEUU e a India; a recente alianza militar entre India e Israel; o retorno da delicada relación entre Paquistán en India tralos atentados terroristas de Bombay; a indefinición con respecto ao programa nuclear israelí; e as tentativas de ampliación do clube nuclear, tomando en conta as recentes demandas de países como Venezuela e Brasil.

## 2.

# Perspectivas para 2009

### 2.1.

#### **A crise económica global: 1929 no 2009?**

O 2008 finaliza con dúas decisións económicas transcendentais tomadas en Washington. A primeira, o acordo entre o goberno de George W. Bush e o Congreso estadounidense para outorgar créditos por valor de 15.000 millóns de dólares ás compañías automobilísticas General Motors, Ford e Chrysler, localizadas no emblemático centro industrial de Detroit.

A segunda foi a decisión da Reserva Federal (FED) de rebaixar entre 0% e 0,25% os tipos de interese, a fin de estabilizar unha posible alza da inflación e facilitar créditos a empresas. A falta de medir o impacto desta decisión, EEUU afronta un preocupante cadro económico: desemprego do 6,7% (10,3 millóns de persoas), perspectivas de deflación monetaria e perda de poder adquisitivo do dólar con respecto ao euro.

Se ben a axuda estatal a GM, Ford e Chrysler permitirá reflotar por tres meses estas compañías, todo apunta a que o próximo goberno de Barack Obama deberá outorgar maiores axudas financeiras para evitar a quebra dos tres xigantes industriais. A recesión económica en EEUU e a posibilidade de bancarrota dos seus simbólicos bastións industriais retrotrae á memoria os duros anos da Gran Depresión económica mundial posterior a 1929, ago-

ra contextualizados na economía globalizada de 2009.

Está por ver se Washington claudicará ante a perda de peso industrial de Detroit, que ocupa un 2% da forza laboral estadounidense. No caso de certificarse a eventual quebra dos tres grandes da industria automotriz, EEUU experimentará un desemprego calculado no 10% da súa poboación economicamente activa.

Paralelamente, se o goberno de Obama vese na necesidade de protexer con subsidios a súa industria nacional, fomentará a competencia desleal con repercusións noutros países industrializados, así como na caída dos investimentos estranxeiros en EEUU. En principio, Obama anunciou unha serie de medidas destinadas a fomentar a creación de 2,5 millóns de empregos en EEUU, a través dun ambicioso programa de infraestruturas que recorda ao New Deal de Franklin D. Roosevelt.

Europa e Asia experimentarán en 2009 similares niveis de recesión económica e desocupación laboral, que estarán igualmente determinados pola inestabilidade na cotización entre o dólar, o euro e o ien xaponés. A principal preocupación dos expertos económicos para o 2009 a constitúe un panorama marcado pola deflación, definida como unha caída xeral do nivel de prezos e servizos ao consumidor motivada pola caída na demanda, un proceso que, desde a perspectiva empresarial, resulta moito máis prexudicial que a inflación porque desalenta a produción industrial e restrinxe a circulación de liquidez monetaria.

A perspectiva económica para 2009 interprétase como unha situación sumamente complexa, con limitadas fórmulas de solu-

ción. O epicentro da crise financeira mundial provén da principal economía do mundo, EEUU, expandíndose globalmente dentro dun mapa económico sumamente interconectado e difícil de desenredar. Pode que así se certifique o fracaso do “neoliberalismo a ultranza” e posibilite o retorno das políticas monetaristas estatais concibidas por John Maynard Keynes.

## 2.2.

### **Afganistán-Paquistán: epicentro da inestabilidade global**

En 2008 morreron máis de 250 efectivos militares estranxeiros en Afganistán. Os atentados terroristas de Bombay (India), co saldo de case 200 mortos, tiveron a súa orixe no grupo terrorista islamita paquistaní Lashkar-e-Toiba. Durante a súa campaña electoral, Barack Obama amosou o seu total compromiso por garantir a estabilidade de Afganistán, colocando a este país e o seu veciño Paquistán no epicentro da inestabilidade global, por presuntamente albergar o comando central de Al Qaeda e os talibáns.

Existen elementos suficientes para determinar que Afganistán e Paquistán poden converterse nos focos quentes para a seguridade internacional en 2009. O fracaso internacional por reconstruír Afganistán baixo o goberno pro-occidental de Hamid Karzai explícase ante o recente impulso da ofensiva dos talibáns, que controlan máis do 70% do país. Os talibáns e efectivos de Al Qaeda atopan refuxio na estratéxica fronteira afgano-paquistaní, en torno ao paso de Khyber e as montañas do Hindu Kush, que conectan coa cidade paquistaní de Peshawar.

Karzai e as tropas internacionais da OTAN practicamente só controlan (e con serias dificultades) a capital Cabul e unha zona circundante. David Petraeus, actual xefe do Comando Central do Pentágono para Oriente Próximo e Asia Central e que ocupara este cargo anteriormente en Bagdad, pediu aumentar ata 60.000 as tropas internacionais despregadas en Afganistán (actualmente son 32.000 efectivos), a fin de illar aos talibáns e atopar apoios nos demais xefes tribais afgáns.

Pola súa banda, o novo goberno paquistaní de Asif Ali Zardari deberá nivelar unha nova relación con EEUU, equilibrar o delicado balance de poder entre a poderosa casta militar paquistaní e o goberno civil e loitar contra o radicalismo de corte islamita, coas súas repercusións en canto ao terrorismo e hipotética filiación cos talibáns e Al Qaeda.

O compromiso de Obama con Afganistán supón, indirectamente, un toque de atención cara Paquistán. Sen esquecer o impacto da crise económica en materia de gasto militar, está por ver se a retirada militar estadounidense de Iraq servirá para reforzar ao goberno de Karzai en Cabul e atopar unha relación militar máis estreita co de Zardari en Islamabad.

Washington deberá así observar con atención os acontecementos políticos en Paquistán, tomando en conta a impopularidade dos plans de EEUU e a presión por parte dos elementos islamitas internos (tanto os políticos na legalidade como os militantes terroristas) e da casta militar, que pode sentirse tentada a proclamar un novo golpe palaciano no caso de que a inestabilidade sacuda a Paquistán.

Se Obama preme por un aumento de tropas da OTAN en Afganistán, deberá igualmente tomar en consideración a posición doutros países involucrados na estabilidade afgán, como son os casos de España, Italia ou Alemaña, que ultimamente rexistraron vítimas mortais dos seus soldados neste país. O 2009 pode así ser decisivo para albiscar o volátil futuro de Afganistán e Paquistán.

### **2.3.**

#### **China: a hora da reinvencción**

O 1 de outubro de 2009 celebrarase o 60º aniversario da creación da República Popular de China. Tras un 2008 marcado pola celebración dos Xogos Olímpicos e do 30º aniversario do proceso de reforma e apertura económica, China apréstase a experimentar os desafíos dunha potencia emergente global, capacitada para exercer un papel hexemónico nos próximos decenios.

A economía chinesa consolida a súa posición a nivel global. Tras dúas décadas de crecemento superior ao 8% anual, a crise económica mundial probablemente incidirá na moderación do crecemento económico chinés e na aceleración do proceso de cambio do seu modelo de desenvolvemento socioeconómico. O Banco Mundial calcula o crecemento para o 2009 nun 7,5%, aínda que os datos oficiais chineses elevan a cifra ata un 9%.

Polo tanto, semella chegada a hora da reinvencción do modelo chinés e do papel do xigante oriental no mundo, perspectiva que pode aumentar a potencialidade económica de China no contexto da actual crise financeira internacional. No plano inter-

no, os desafíos chineses que comezarán a acentuarse a partir de 2009 sitúan como prioridade un maior énfase no impulso tecnolóxico, ambiental e social. A perspectiva política impulsa unha maior institucionalización da evidente pluralidade e dinamismo experimentado pola sociedade chinesa nos últimos trinta anos.

A democratización das relacións políticas e sociais e o combate á corrupción, en gran medida xerada polo desenfreo e o aumento das desigualdades, asumiranse como retos e problemas que será necesario afrontar. O papel central que o Partido Comunista (PCCh) deberá asumir como vertebrador deste proceso esixe levar adiante iniciativas destinadas a ampliar e afondar os dereitos civís e as liberdades públicas. O PCCh e o liderado chinés deberán así moderar as posibles tensións que se manifesten desde as perspectivas das nacionalidades minoritarias (Tíbet e Xingjiang) e as desigualdades sociais condicionadas polos efectos da reforma económica iniciada en 1978 e os impactos da crise en materia de emprego.

Todo isto inflúe no papel que China deberá protagonizar nun mundo en cambio. A emerxencia chinesa no escenario internacional está modificando as coordenadas do reparto global do poder, afincando a multipolaridade e o multilateralismo, e orientando cara Asia o epicentro do poder global do século XXI.

En particular, China asoma como o principal rival que pode disputar a ata agora incuestionable hexemonía de EEUU. A ampliación da multipolaridade dá conta tamén do protagonismo de India, Rusia, Xapón, Brasil, Australia, Sudáfrica e, incluso, dun Irán silenciosamente en ascenso. O 2009

afianzará os obxectivos globais de Pequín, especialmente en escenarios estratéxicos como o sueste asiático e Asia Central, incidirá na aproximación e no diálogo con Taiwán, ao mesmo tempo que impulsará o debate necesario sobre a reinvencción do peculiar modelo chinés.

#### **2.4.**

#### **Presidenciais en Sudáfrica**

A renuncia motivada por escándalos de corrupción do presidente Thabo Mbeki o pasado 25 de setembro de 2008, sendo substituído por Kgalema Motlanthe, evidenciou unha tensa atmosfera política de cara ás eleccións presidenciais, da Asemblea Nacional e do Consello Nacional de Provincias, previstas para finais de 2009.

A importancia das eleccións sudafricanas invita a medir a consolidación da súa transición democrática iniciada en 1994, tralo fin do réxime racista do apartheid, tendo en conta que Sudáfrica é, probablemente, a potencia emerxente máis importante do continente africano, cunha política exterior cada vez máis multipolar e global. Así, Sudáfrica constitúe un efectivo mediador e negociador ante crises políticas en países africanos veciños, como foi o caso de Zimbabwe.

Mbeki estaba impedido para postularse como candidato presidencial en 2009, razón pola que, desde 2007, tentou avaliar un sucesor de garantía como candidato do seu partido, o Congreso Nacional Africano (CNA). Non obstante, no congreso do CNA de decembro de 2007 foi elixido o seu principal rival, Jacob Zuma, como líder do partido, po-

tenciando as súas posibilidades de encabezar a candidatura presidencial.

No eido político, entre Zuma e Mbeki existen serias diferencias de carácter social e tribal, unha variable indispensable para entender a política africana. Ao estilo elitescos de Mbeki oponse o estilo máis “populista” de Zuma, mentres diversos escándalos de corrupción que salpicaron a ambos líderes afondaron os respectivos ataques mutuos. A finais de 2008 manifestouse unha fractura no seo do CNA que agravou o clima de crispación política existente. Un sector disidente contrario a Zuma, liderado polo ex ministro de Defensa Mosioua Lekota, creou o Congreso do Pobo (COPE) para postularse como candidato presidencial.

Paralelamente, cómpre ter en conta o escenario económico e social sudafricano. Segundo datos oficiais, o crecemento económico entre 2007 e 2009 oscilará entre 4,5% e 6%. A pobreza baixou ata o 43,2% da poboación, aínda que o nivel de desemprego estímase (segundo as estatísticas oficiais) nun 27,5%, unha cifra cuestionada polos sindicatos e outras entidades independentes, que elevan o nivel de desocupación laboral ao 40%.

Non obstante, existe un problema de gran magnitude, relativo á poboación infectada polo virus do VIH, que afecta a un de cada cinco sudafricanos, provocando un forte impacto sanitario e económico. A taxa de infección da SIDA entre mozos de 30 e 35 anos aumentou un 225% nos últimos dez anos.

Sudáfrica está igualmente decidida a construír unha central de enerxía nuclear, en principio coa previsión de rematala no

2015. Non obstante, e a pesar do gran esforzo goberamental desde 1995 por construír vivendas e dotalas de electricidade, o país carece aínda dunha sólida infraestrutura en materia eléctrica, que aumenta a súa dependencia.

A pesar das tensións políticas internas e das incógnitas que desde o exterior transmite a posibilidade dun triunfo electoral de Jacob Zuma, o 2009 consolidará a potencialidade de Sudáfrica como actor importante dun mundo en cambio e como referencia de desenvolvemento para o continente africano.

## 2.5.

### De Guantánamo a Bagdad

Dúas preguntas clave impóñense en 2009: Pechará Obama o ilegal penal de Guantánamo? Comezará a cumprirse a retirada militar estadounidense e británica de Iraq? En principio, á vista das declaracións oficiais, ambas preguntas semellan responderse de maneira afirmativa.

O próximo presidente estadounidense, Barack Obama, explicou a necesidade de pechar Guantánamo “a máis tardar en 2010”. Resta por saber os prazos e os mecanismos oficiais para certificar o peche deste penal militar estadounidense, así como o futuro dos centos de presos ilegalmente detidos arredor do mundo trala guerra de Afganistán en 2001, entre os que se atopan numerosos menores de idade, sen sometelos a xuízo algún e privados dos seus dereitos civís.

Guantánamo supón igualmente un problema para Europa, debido a que de-

terminados países como España, Portugal, Italia e Gran Bretaña colaboraron coa detención e traslado de presos a este penal. Este asunto cobra maior importancia ante a polémica en curso sobre o coñecemento oficial dos voos ilegais da CIA e da colaboración de gobernos aliados coa estratexia estadounidense, en particular o caso do goberno español desde 2002.

Iraq ocupa así un lugar de importancia para os gobernos de Obama e do primeiro ministro británico, Gordon Brown. O próximo presidente estadounidense impulsa unha política de retirada paulatina e total das tropas estacionadas en Iraq para o 2011. Londres xa anunciou unha primeira retirada para xullo de 2009 dun continxente de aproximadamente 4.100 soldados. Outros países que formaron parte da coalición internacional dirixida por Washington na guerra de 2003 ou ben xa retiraron os seus efectivos ou están a piques de facelo.

Nun contexto aínda convulso, a retirada militar estranxeira de Iraq determinará a real capacidade goberamental da actual administración iraquí, baixo a presidencia de Jalal Talabani e do primeiro ministro Nouri al Maliki, ambos no cargo desde 2006. Se ben o nivel de atentados reduciuse moderadamente neste período (aínda que en 2008 morreron 287 soldados estranxeiros neste país), non existen garantías totais que permitan asentarse un nivel de lexitimidade e apoio popular cara este goberno, procreado a raíz dunha intervención militar estranxeira e ilegal, azoutado pola crise económica e por diversos escándalos de corrupción.

Establecer un consenso básico entre o delicado mosaico étnico e relixioso iraquí



supón o principal desafío para Talabani e al Maliki, especialmente no relativo ás confrontadas comunidades xiíta e sunnita e a situación do Curdistán, rexión autónoma practicamente independente desde 1991. Outro aspecto relevante será o control dos recursos petroleiros, actualmente en mans das multinacionais estranxeiras, especialmente estadounidenses, e o impacto que isto posúe na desconfianza e frustración da poboación iraquí.

### 3.

## Reflexións por áreas xeográficas

### 3.1.

#### **Novas políticas en EEUU?**

Por *Jared Larson*

As eleccións foron o acontecemento político máis importante de 2008 en EEUU. Os seus resultados poden representar grandes cambios sociais, económicos e tamén políticos. A elección do primeiro presidente de orixe africana di moito en canto ao progreso civil e social nun país onde aínda existe un racismo subxacente. En segundo lugar, con notable diferenza respecto das eleccións anteriores (2002, 2004 e 2006) e ante a peor crise económica desde a Gran Depresión, o electorado foi motivado en gran parte por factores internos e non pola política exterior. Para rematar, os resultados por estado propón varios interrogantes xeográficos sobre a opinión pública e a súa localización ideolóxica neste momento e (xa) en vésperas das eleccións parlamentarias de 2010. Pero, estas realidades auguran novas políticas en xeral e ata de esquerda?

Pódese interpretar a elección de Obama como cuadraxésimo cuarto presidente estadounidense desde numerosas perspectivas e, entón, chegar a conclusións moi enganosas. O feito de non ser “branco” é un logro social para o país, pero Obama perdeu o voto branco por máis de dez puntos contra John McCain. Se a vitoria de

Obama non indica expresamente un cambio social-racial, o que si pode representar é un cambio xeracional. Obama é o primeiro presidente que non podía participar na Guerra de Vietnam e que sabe manexar a tecnoloxía de hoxendía (e-mail, telefonía móbil, etc). O único sector (por idade) do electorado que gañou McCain foi o de terceira idade. Ese cambio xeracional levará ao cambio étnico-social tamén.

Outra conclusión indicada polas eleccións do pasado novembro é que os factores internos superaron en importancia á seguridade e “a guerra contra o terror”. E non é casualidade que, por conseguinte, os demócratas gañasen a Casa Branca e as dúas cámaras do Congreso. O electorado non se deixou levar pola retórica bélica bushiana, tamén empregada por McCain, aínda ante a percibida inexperiencia de Obama en canto á política exterior. Pero neste ciclo electoral, o votante medio experimentou moita penuria económica e decidiu castigar o neoliberalismo do partido de Reagan que alentou grandes cambios de desregulación nos 80 e unha guerra innecesaria en 2003.

En terceiro lugar, o “mapa electoral” cambiou moito se o comparamos co de 2004. Obama gañou nove estados onde Bush vencera hai catro anos. Os demócratas xa dominan o Senado e a Cámara de Representantes. Pero o curioso é que nalgúns estados tradicionalmente conservadores, como Misuri e Montana, mentres se votou ao partido demócrata nas últimas roldas parlamentarias e a gobernador en 2006 e 2008, gañou McCain nas presidenciais deste ano. Ao mesmo tempo, Indiana, estado moi conservador a moitos niveis, sorprendentemente votou a Obama.

É difícil saber, entón, se os resultados de 2008 representan un verdadeiro movemento cara á esquerda ou simplemente un momento de capricho nas urnas a nivel nacional. O que si é certo é que o electorado deu a entender a súa fartura de políticas republicanas e, por conseguinte, a crise económica influíu moito nos resultados deste ano. Pero cómpre ter en conta que quizais a onda demócrata non dure moito tempo. Se Obama non ten éxito ante unha conxuntura pouco favorable, verase pronto unha nova viraxe cara os republicanos dentro de dous ou catro anos.

### 3.2.

#### **América Latina: cara a segunda independencia**

*Por Roberto Montoya*

Os países de América Latina e o Caribe comezan o novo ano inmersos na crise económica e financeira que afecta ao mundo enteiro e con numerosos conflitos e fronteas abertas. Con todo, esa trintena de países, como conxunto xeopolítico e xoeconómico, ten tamén razóns de peso para manter un moderado optimismo sobre o seu futuro a mediano prazo, dada a potencialidade que contén.

Esta zona do mundo botouse a andar, empezou a recoñecerse a si mesma como unha entidade e a entender a importancia que isto ten para os intereses de cada un deses países. A fins do século XIX toda esa ampla zona do mundo comezaba a converterse no patio traseiro de Estados Unidos (no caso de México antes aínda), na primeira vítima do seu voraz expansionismo. As invasións e o

derrocamento de gobernos non submisos prolongáronse ata moi avanzado o século XX. Os últimos casos foron os de Granada (1984) e de Panamá (1989). As ditaduras levantadas ao poder, armadas e financiadas por Washington en boa parte da rexión, darían paso, unha vez acabada a Guerra Fría, a unha serie de réximes ultraliberais, en moitos casos con marcados discursos populistas, que nos 80 e 90 terminaron de baleirar as arcas dos seus respectivos países, agudizando en non poucos casos a situación xa crítica herdada. Estados Unidos redobrou a súa ofensiva a favor do libre mercado, incorporando durante a era Clinton a México no Tratado de Libre Comercio de América do Norte (TLCAN) que asinou con Canadá, lanzando así mesmo a iniciativa do Area de Libre Comercio das Américas (ALCA).

Con todo, nos anos 90 xa comezarían a percibirse tamén os síntomas dun cambio na rexión. Moitos vaticinaban que a desintegración da Unión Soviética e os seus países satélites da Europa do Leste, suporía o triunfo absoluto dos intereses de EEUU, a caída de Cuba como unha peza máis dese dominio e o soterramento de calquera proxecto de esquerda en América Latina e o Caribe.

Pero isto non foi así, senón todo o contrario. As forzas que foron incubando en todos estes países precisamente durante anos terminaron por facer eclosión e lograron expresarse politicamente. O protagonismo asumido polos campesiños e indíxenas reflicte esa nova realidade. Así xorden desde fenómenos como o de Hugo Chávez en Venezuela, Evo Morales en Bolivia ou Rafael Correa en Ecuador, o “Eixo do Mal” da rexión para EEUU, ao cal pertencería Cuba tamén, e ata

o de Lula da Silva en Brasil, país convertido nunha verdadeira potencia no continente americano; Fernando Lugo en Paraguai, Néstor Kirchner e logo Cristina Fernández de Kirchner en Arxentina, Michelle Bachelet en Chile, Tabaré Vázquez en Uruguai, Álvaro Colom en Guatemala, o controvertido Daniel Ortega en Nicaragua e outros. A pesar das diferenzas ideolóxicas, políticas e de transparencia e eficacia das súas respectivas xestións, sen dúbida reflicten un cambio de signo drástico e a primeira vez que nesa ampla zona coinciden no poder tantos gobernos de esquerda e/ou progresistas.

É a primeira vez tamén que estes gobernos empezan a tomar conciencia da súa propia identidade latinoamericana, dos beneficios da súa cooperación en materia enerxética, comercial, financeira e política, das necesidades de rachar coa dependencia e ataduras ás multinacionais estadounidenses e europeas. Hugo Chávez, sen dúbida, xogou e xoga un papel chave nesa toma de conciencia, ao ser quen primeiro mostrou como o control soberano das fontes enerxéticas, en primeiro lugar o petróleo e o gas, pode converterse nun arma fundamental, estratéxica, de independencia. É a partir das súas propostas que cobran bríos iniciativas rexionais de cooperación que abarcan desde o ámbito enerxético, ao comercial, financeiro, educativo e cultural ou de seguridade. Así foi que naceu a Alternativa Bolivariana para os Pobos da nosa América (ALBA), ou o Banco do Sur, a Unión de Nacións Suramericanas (UNASUR) ou o Cume das Américas e o Caribe (CALC), organismos vivos que xa desde 2005 deixaron languidecer o ALCA e que poden ata chegar no futuro a suplantarse na práctica á propia Organización de Estados

Americanos (OEA) onde EEUU segue tendo un gran protagonismo.

Os profundos cambios na propia estrutura do estado, no sistema político e económico que xa se están empezando a producir nalgúns destes países, coa creación de Asembleas Constituíntes, co maior protagonismo da poboación; a promulgación de leis que recuperan para o estado o control dos seus hidrocarburos e establecen novas regras para o investimento estranxeiro, están afectando poderosos intereses. Non só a EEUU senón tamén a Europa, e dentro dela particularmente España. Isto ten tamén o seu reflexo nas burguesías nacionais ligadas a ese vello statu quo que temen polo seu futuro e boicotean por un e mil mecanismos os novos procesos en marcha.

A ofensiva levada a cabo en varios países da rexión tamén por Rusia e China é outra expresión das novas situacións e os novos protagonistas que participan agora no puzzle de América Latina e o Caribe. Todo isto mostra a oportunidade histórica que teñen os pobos desta postergada gran rexión para acabar coa dependencia, o atraso e a inxustiza, loitando por ser actores soberanos no concerto mundial do século XXI.

### 3.3.

#### **África: violencia, xustiza, corrupción e esperanza democrática con fondo de crise**

Por *David Alvarado*

En 2008, violentos enfrontamentos asolaron o continente negro, destacando nomeadamente os acaecidos na República Democrática do Congo (RDC), vítima dun incre-

mento das hostilidades durante o último trimestre do ano. Os rebeldes do xeneral Tutsi Lauren Nkunda desafiaron ó goberno de Lauren Désiré Kabila, provocando una onda de roubos e masacres nun país onde a guerra civil ten causado xa uns cinco millóns de mortos desde 1997.

Un antigo vicepresidente da RDC, Jean-Pierre Bemba Gombo, foi detido o 24 de maio en cumprimento dunha orde de arresto internacional emitida pola Corte Penal Internacional (CPI) contra el por crimes de guerra e contra a humanidade. Omar El-Béchir, xefe de Estado sudanés, tamén foi obxecto de persecución pola CPI, entre outros cargos, por “xenocidio” en Darfur, onde se contabilizan xa 300.000 mortos e máis de 2.500.000 desprazados desde 2003.

O 18 de decembro, o Tribunal Penal Internacional para Ruanda condenou a perpetuidade a Théoneste Bagosora, cerebro do xenocidio ruandés de 1994.

O 2008 comezaba co escándalo da ONG gala Arca de Zoé. Os seus cooperantes foron condenados pola xustiza do Chad por intento de secuestro dunha centena de nenos para levalos a Francia. Amnistiados polo presidente Idriss Déby, París tería devolto este “favor” cun discreto apoio militar e loxístico para sufocar unha rebelión na súa contra.

En Zimbabwe reina a inestabilidade política desde o 29 de marzo, data na que o líder da oposición, Morgan Tsvangirai, gaña as eleccións, rexeitando Robert Mugabe ceder o seu cetro de poder. Presións internacionais por medio, Mugabe acepta compartir o mando, o cal non fai senón agravar unha xa de por si delicada situación, cunha acusada crise económica e social de fondo, resul-

tando mortas 1.546 persoas de cólera e outras 30.000 contaminadas.

Para moitos dos zimbawuanos, ao igual que para os mozambicanos, a única saída é a de emigrar cara África do Sur, onde un brote de violencia xenófoba estivo na orixe da morte de dúzias de inmigrantes a mediados do mes de maio. O xefe de Estado, Thabo Mbeki, veuse obrigado a dimitir acusado de corrupción, sendo substituído “interinamente” por Jacob Zuma, anticipándolle así o previsible acceso ao poder nas presidenciais de 2009.

En Quenia, as eleccións de xaneiro víronse empañadas pola morte de preto de 300 persoas nos enfrontamentos entre os partidarios de Raila Odinga, de etnia lui, e os do presidente reeleito Mwai Kibaki, de etnia kikuyu. Finalmente chegouse a un acordo para compartir o poder entre Odinga e Kibaki, no que algúns viron un modelo para Zimbabwe.

En Guinea, o militar Moussa Dadis Camara fíxose co poder, o 25 de decembro, tras un golpe de Estado pouco despois da morte do ditador Lansana Conté. Por enésima vez os comicios electorais eran obviados en territorio africano ou, como ocorreu en Côte d’Ivoire, aprazados. En Camerún, o presidente Paul Biva, procedeu mesmo a reformar a Constitución para perpetuarse no poder.

No outro extremo, Ghana probou que as eleccións democráticas tamén son posibles no continente africano. A sucesión debe operarse en calma entre o presidente saínte, John Kufuor, e o líder da oposición, John Atta-Mills, quen venceu no seu terceiro intento.

A pesares de non ser invitada ao recente cumio do G20 sobre a crise financeira, África

ca é unha das grandes damnificadas, nomeadamente polo incremento dos prezos das materias primas e as súas carencias alimentarias. Neste contexto, Nacións Unidas alerta sobre as fames que previsiblemente terán lugar en 2009, non pasando inadvertido o escándalo do leite chinés, suspendendo países como Burundi, Gabón e Tanzania as importacións de produtos lácteos provintes de China.

### 3.4.

#### **A influencia de Irán en Oriente Medio**

*Por Moncho Iglesias*

Tres dos países máis influentes do planeta (Estados Unidos, Israel e Irán) encaran cambios de goberno no comezo de 2009. As converxencias e diverxencias entre eles favorecen o impulso de novos diálogos e tamén de confrontacións que non só atinxen aos tres estados senón tamén a todos os veciños que conforman o Oriente Medio.

Irán é o último dos países desta tríade e a principal referencia de posibles mutacións. A subida ao poder de Ahmadinejad en 2005 derivou nunha taxa de desemprego do 20%, mentres a inflación chegaba ao 25%, e o prezo do barril de petróleo baixaba considerablemente. Este é un dos principais argumentos que baralla a oposición ao actual presidente, que non foi capaz de acabar coa corrupción nin de mellorar o nivel económico do país; unha conxuntura que podería aproveitar Obama para persuadir ao novo goberno de retomar as relacións e mesmo os vínculos que existían entre ambos países antes da revolución de Khomeini (1979).

Se Ahmadinejad fracasou no intento por estabilizar economicamente o país, a administración Bush fixo o propio procurando eliminar a industria militar e nuclear iraniana. Prediciábase un cambio en ambos lados, e un deles xa se consumou ao rematar o 2008 coa elección de Obama. A este novo presidente tócalle redirixir unha política exterior que situou a Irán no seu punto de mira e que, pese a iso, durante o mandato Bush conseguiu enriquecer o uranio e que agora podería fabricar a bomba atómica durante este novo período.

Irán, o único país xiíta do mundo, conta con diferentes aliados na zona, como son Bahrain, cun amplo número de poboación xiíta, ou mesmo Arabia Saudita, que tamén concentra grupos importantes desta vertente do Islam. Así mesmo, Líbano segue a ser un estado protexido pola república islámica, e o mesmo Líbano axuda á veciña Palestina. Deste xeito, o dominio persa non se reduce ao seu territorio, senón que o seu poder se estende por todo o Oriente Medio, e incluso mantén relacións con Venezuela, abrindo o seu horizonte máis alá da zona estremeira co mundo árabe.

Para combater o poder iraniano, considerado como unha continua ameaza para Israel, o país hebreo e Estados Unidos han de trazar un plano de ruta que encorsete a súa influencia na zona. As grandes perdas das últimas guerras debilitaron a Washington e fan inviable que entre noutro conflito. Por iso, a única solución para acadar unha mellora nas relacións entre estes países pasa pola apertura de negociacións, ben por medio de conversas directas, a través de intermediarios ou nun escenario multilateral. Un cúmulo de alianzas é o que pode axudar a

efectivizar un control estable da zona; con todo, o conflito palestino-israelí esvaece as poucas esperanzas depositadas nun posible proceso de paz e, con el, dun cambio político e económico que permita a países alleos ao entorno formar parte das discusións que se producen en Oriente Medio.

As eleccións de febreiro en Israel e as de xuño en Irán delimitarán o devir do ano 2009, no que Obama tentará impulsar vínculos que revitalicen a decadente hexemonía do seu país, e así evitar o amplo espazo de influencia que Irán parece ampliar con facilidade. Namentres, Teherán segue a ser o inimigo a vencer ou, dende outra perspectiva, o amigo a gañar para todos os países que están á procura de relacións económicas en Oriente Medio.

### 3.5.

#### **Xapón e o declive do PLD**

*Por Masashi Oki*

O 2008 foi un ano que evidenciou a decadencia do Partido Liberal Democrático (PLD) e o ascenso do Partido Democrático de Xapón (PDX) no escenario da política interior nipona. O que debería de constituír un período de estabilidade para o ex primeiro ministro Yasuo Fukuda, rematou en fracaso. Elixido en setembro de 2007, Fukuda non foi capaz de manter o seu gabinete.

Exactamente un ano despois, en setembro de 2008, Taro Aso foi elixido como novo primeiro ministro, obtendo unha boa acollida pública. Con todo, a finais de ano a súa popularidade comezou a debilitarse. O seu partido, o PLD, xa non posúe o tradicional poder de convocatoria, un atrac-

tivo que mantiña desde 1955. Velái que o outro partido, o PDX está agardando a súa oportunidade.

O 2008 foi tamén un ano que consolidou as relacións diplomáticas niponas en Asia. Neste sentido, Fukuda deu importancia á diplomacia amigable cos países veciños. En abril pasado, Fukuda recibiu a visita de Lee Myung-bak, presidente de Corea do Sur, co que se reuniu tres veces durante o ano. En maio, Fukuda recibiu a Hu Jintao, presidente de China, co que conferenciou catro veces durante o ano. Fukuda tamén foi a Corea do Sur e China para fortalecer a cooperación económica. Así mesmo, o goberno de Fukuda desempeñou un papel principal no Cumio do G-8 celebrado en xullo. Paralelamente, a diplomacia multilateral de Fukuda en Asia permitiu superar diversos problemas históricos da relación de Xapón cos seus veciños, especialmente referentes a asuntos acaecidos na II Guerra Mundial.

Con todo, Fukuda dimitiu de súpeto en setembro de 2008, ao non poder superar un problema de política interna, tomando en conta que o opositor PDX posúe a maioría no Senado, mentres o PLD ten maioría no Parlamento. Por iso, o PLD elixiu a Taro Aso como novo líder do partido, coa finalidade de potenciar determinadas “caras populares” para conseguir unha vitoria nas próximas eleccións xerais, a celebrarse en 2009. Finalmente, Aso non dissolveu o Parlamento porque pensou que as medidas para a crise financeira deberían ter prioridade. Este fracaso político deu paso a unha brusca caída da popularidade de Aso, quen pasou do 50% de aceptación en setembro a menos do 20% en decembro.

En 2009 deben celebrarse as eleccións xerais da Cámara Baixa. O seu mandato vence en agosto. O PDX ten moitas posibilidades de gañar, razón pola que xa comezou en xaneiro de 2009 a deliberar publicamente sobre a futura relación de Xapón con EEUU, coa intención de preparar o seu camiño para a vitoria. En caso de gañar as eleccións o PDX, a política exterior de Xapón, tradicionalmente orientada a manter a súa alianza con EEUU, cambiará para dar maior importancia á ONU.

No caso do PLD, existen moitas oposicións internas cara o liderado de Aso. Incluso recentemente, un alto membro deste partido amosou a súa intención de abandonar o PLD, suxerindo a posibilidade de crear un novo partido ou forzar un gabinete de coalición. En todo caso, o escenario máis claro para o 2009 revela unha inevitable reestruturación do mundo político xaponés.

### **3.6.**

#### **Des-Unión Europea 2009**

*Por Xosé Manuel Figueiras*

O primeiro que adoitan facer a maioría dos analistas ao reflexionar sobre Europa é preguntarse cara onde camiña Europa, se realmente camiña...

A realidade non soporta o peso do patetismo que o noso continente vai acumulando: unha toma de decisións obsoleta estancada dende o tratado de Niza; unha estrutura de gobernanza plagada de contradicións e de erros que converten a política comunitaria nun clube de aristócratas que toman decisións unilaterais e pseudodemocráticas, cando as toman; mesmo con enfrontamen-

tos máis ou menos manifestos de intereses entre algúns dos membros, na temática da enerxía, pola protección dalgúns mercados estratéxicos, ou pola promoción egoísta da imaxe exterior da “nación”, por poñer algúns exemplos.

En definitiva, Europa converteuse nun ente internacionalmente reducido, cun ananismo fragrante en política internacional, chea de constantes divisións (Cosova, Xeorxia, Palestina), aplastada pola lousa duns novos estados pouco europeístas, que non fan máis que denigrala e desacreditala aos ollos do mundo, atraídos polo nivel de benestar e o arume dos fondos europeos nun contexto que parece desandar os logros do pasado. Pero aínda así, non contentos co resultado, xa se preparan novos alargamentos cara os Balcáns, ata onde poida dar de si.

Non obstante, na outra cara, a da vella Europa, as cousas tampouco parecen ir mellor. O Tratado de Lisboa semella máis ben un fraude imposto que se enfrenta á desconfianza dos países membros. E a crise financeira seduce a cada estado para explorar novas vías de solución unilateral nun “sálvese quen poida” sen coordinación dalgún tipo, mentres a Comisión Europea anuncia plans de intervención ociosos co seu pírrico orzamento.

En moitas ocasións cúlpase da desunión a EEUU, pero agora que os norteamericanos están ocupados en mil sarillos, tampouco parece que a UE sexa quen de recrearse politicamente. A apertura económica da globalización que estreitou os lazos económicos, non serviu para unir política nin culturalmente ao crisol das culturas europeas. Nembargantes, a crise do capitalismo si favoreceu a posta de manifes-

to do caos, o desconcerto e inutilidade deses burócratas con resposta para todo, que agora claman por un presidente americano benéfico e salvador.

Mentres Rusia prepara novas crises enerxéticas amedrentando veciños, e China segue sendo o gran bazar global que medra, Europa, empantanada nas lamas financeiras americanas, suspira por saír das gadoupas da crise sen imaxinación nin alternativas. Dividida, lembra tempos do imperio romano onde a “pax” triunfaba para e sobre todos os pobos con lóxica e orde, e compara a Sarkozy con Napoleón, mentres a “grandeur” da presidencia europea de prensa rosa entrega os galóns de mando por seis meses a un país dirixido por un Satán da conciencia europeísta que parodia os valores dun continente unido e solicita con urxencia a instalación dunha base de radar a poucos quilómetros de Praga. Fraco favor lle pode facer a presidencia checa á credibilidade da Unión Europea tendo en conta a inestabilidade do seu goberno e a falla de credibilidade do seu presidente.

Por último, a crise non foi de todo mala para a industria manufactureira europea pois procurou un agasallo nas negociacións do cambio climático en decembro, outorgando exencións nos dereitos de emisión. Por primeira vez, Europa abandonou o discurso maximalista de protección do medio ambiente por outro pragmático liderado polo afán de protexela industria fronte á recesión, á espera do que decida EEUU agora co novo presidente. Unha vez máis, Europa afástase pouco a pouco do camiño e actúa sen criterio común. Veremos ata cando se pode vivir do pasado.



## 4.

## Reflexións transversais

### 4.1.

#### **Terrorismo global ou local?**

*Por Roberto Mansilla*

Unha das claves principais do 2009 radica en determinar a real natureza e capacidade do denominado “terrorismo global”, noción basicamente aceptada desde o 11 de setembro de 2001. Cunha nova presidencia na Casa Branca, menos proclive a afondar nos mecanismos de seguridade nacional en comparación coa administración de Bush, resulta de interese considerar se é posible un aumento da hipotética ameaza do terrorismo global e se este problema constitúe unha prioridade central para Washington, precisamente agora que se anuncian cambios na configuración da balanza de poder mundial.

Aventurar como pode actuar o terrorismo global equivale a concentrar a atención, directamente, na posibilidade de que a rede Al Qaeda siga a conformarse como a principal ameaza para EEUU e os seus países aliados. Non obstante, a actividade terrorista rexistrada en 2008 deu conta de factores máis comprometidos con aspectos locais que coas posibles perspectivas de afondar unha ameaza terrorista de orde global.

O Magreb, con Alxeria como epicentro, e Asia Central, con Paquistán, Afganistán e a India como principais focos de perturbación, poden considerarse as rexións con maior potencialidade de atentados e de acción das redes terroristas, sen esquecer a evidente

potencialidade conflitiva de Oriente Próximo, o Cáucaso e, moderadamente, o Corno de África ou o Turquestán.

En parello, resulta difícil afirmar se Al Qaeda segue a ser ou non o eixe central dunha rede global de terrorismo. A súa capacidade operativa e de eventual influencia política resulta cada vez menor, ao tempo que aumentan as incertezas sobre o seu verdadeiro liderado e a súa localización.

Unha variable significativa é o notorio silencio de Al Qaeda ante a agresión israelí en Gaza, o cal afonda estas perspectivas de baixo perfil da rede terrorista. Ausentes das mensaxes de Osama ben Laden, a figura máis notoria e posible cabeza visible desta rede semella estar concentrada nas mans do seu considerado lugartenente, o exipcio Aywan al Zawahiri.

Os atentados de Alxeria en abril de 2008, presuntamente reivindicados por unha descoñecida facción denominada “Al Qaeda no Magreb”, recolocaron a importancia do Mediterráneo, en función de variables de carácter xeopolítico e de seguridade. O dramático desenlace da acción terrorista na India a finais de ano evidenciou un foco de inestabilidade moi concentrado en factores locais, tales como a histórica disputa indo-paquistaní en Caxemira, o ascenso de movementos radicais en ambos países ou ben un intento por desestabilizar á India, actualmente en ascenso como potencia emerxente e como aliado nuclear de EEUU.

Todos estes factores permiten matizar as análises sobre a existencia dunha rede terrorista global que actúa de maneira homoxénea, así como considerar se os novos grupos son de carácter transversal, multiforme e sen aparente comando central. Esta perspectiva

obriga a considerar ata que punto os novos atentados terroristas non corresponden a factores de índole local, a históricos conflitos aínda non solucionados ou a reaccións plasmadas en novos reacomodos xeopolíticos.

Cunha crise económica global en curso e a máis que probable modificación dos parámetros xeopolíticos do sistema internacional, está por ver se o terrorismo de carácter global e local renovará radicalmente a súa actividade en 2009.

#### **4.2.**

#### **O altermundialismo en horas decisivas**

Por *Xabier Macías*

O altermundialismo ten en 2009 unha cita co destino. O Foro Social Mundial (FSM) volta a Brasil despois de catro anos e faino en medio dunha crise que veu evidenciar o acertado das súas denuncias da globalización e o ultra-liberalismo económico capitalistas. Despois de se ter consolidado como motor e difusor de resistencias populares a escala planetaria, de adquirir prestixio como referente alternativo e de popularizar a crítica dos “novos amos do mundo”, o FSM enfrenta o reto de xestionar as expectativas xeradas polo seu propio éxito. O encontro de xaneiro en Belém de Pará na Amazonia brasileira será determinante para perfilar o futuro.

O Consello Internacional do FSM iniciou en 2007 un debate estratéxico que mantén aberta a polémica sobre a conveniencia de os foros avanzar cara formulacións programáticas e mobilizadoras que os fagan gañar peso e eficacia políticas, renovando a dinámica dos encontros de análise e intercam-

bio actuais que corren o risco de perder atractivo. A discusión progresou lentamente e deberase confrontar agora con circunstancias apremiantes, derivadas tanto da oportunidade aberta pola crise –a maior receptividade social e as posibilidades de intervención no tempo previo ao rearme neoliberal– como das tendencias oportunistas que –cos mesmos argumentos– desexarían instrumentalizar politicamente a forza acumulada polos movementos sociais.

Na súa corta historia, o movemento antiglobalización pode presumir de logros notábeis. O principal: ter posto en cuestión o mito do capitalismo como única e mellor saída para todas as sociedades, derrotando o pretendido monopolio ideolóxico neoliberal. O FSM conseguiu converter en problemas de opinión pública mundial asuntos como o cambio climático, a pobreza ou a falta de democracia no sistema de institucións internacionais. O protagonismo dos países do sur e mesmo alternativas dirixidas á redistribución ou á imposición de novas taxas contra a especulación financeira cobraron forza tamén nas citas altermundialistas.

A fórmula definida na fundacional Carta de Principios de 2001 seguirá dando bos resultados a corto prazo. Agárdase que Belém signifique un impulso importante na progresiva asunción da soberanía e os dereitos colectivos dos pobos no patrimonio común do altermundialismo, como exemplo da dimensión de intercambio e osmose entre movementos propiciada, neste caso, pola confluencia dos indixenistas americanos cos nacionalismos sen estado europeos. Canda estes enriquecementos do discurso experimentaranse novas posibilidades metodolóxicas para mellor articular e coordinar ac-

cións ou propiciar a emerxencia de posicións políticas, sen comprometer a diversidade característica dun proceso no que Galiza gañará presenza tras a celebración do Foro Social Galego en decembro pasado.

Posibelmente, as expectativas desborden a súa capacidade de resposta inmediata e o FSM non atopará aínda todas as vías para definir a nova cultura política que propugna. Camiña contra o reloxo pero por tras do necesario: está obrigado a progresar como instrumento de promulgación de políticas alternativas esixíbeis perante partidos e gobernos pero a súa experiencia é demasiado corta como para permitir dar por concluídas a renovación de ideas e a invención de camiños novos que, felizmente, comezou a introducir na tradición da esquerda.

### **4.3. A crise financeira e os seus efectos**

*Por Enrique Sáez Ponte*

O 2008 ficará como o ano da segunda gran crise do sistema financeiro internacional. Unha crise precedida pola época histórica de maior crecemento da economía. Rexistráronse aumentos de produción globais durante varios anos por riba do 4%, o que beneficiou principalmente ás rexións menos desenvolvidas.

Este escenario era idóneo para provocar un proceso especulativo xeralizado, inzado pola abundancia de crédito barato, que chegou aos activos mobiliarios e inmobiliarios e aos mercados de materias primas. A múltiple burbulla só necesitaba un incidente para estoupar. As hipotecas lixo nos EEUU

foron o detonante da crise financeira, reforzada pola baixa capitalización dos bancos de investimentos e dalgunhas compañías de seguros. Os seus efectos estendéronse axiña a todo o planeta, provocando unha perda de confianza xeralizada e unha gran escaseza de crédito, agravando os efectos sobre a economía real do final dos excesos especulativos.

É cedo para prever moitas das consecuencias a longo prazo que vai ter a recesión. Pero seguro que levará a que se extremen as medidas para controlar aos axentes que operan no planeta do diñeiro, un produto fácil de manipular porque está composto por só dous elementos inmateriais: información contable e confianza. A supervisión das súas prácticas de risco, da axeitada capitalización e do respecto ás normas legais non pode volver a deixarse só á auto-regulación ou á inspección de auditores externos e de empresas de rating, ten que contar con forte presenza pública e coordinación internacional.

A necesidade de coordinación, cambiará o papel do FMI e do Banco Mundial. Iso demandará que deixen de ser xoguetes en mans dos europeos e norteamericanos, o que dará pé a un novo reparto do poder nestes organismos, no que deben estar representados todos os países. Tamén vai aumentar a capacidade de atracción das áreas monetarias, que resisten mellor que as moedas nacionais as tempestades especulativas. A experiencia do euro tenderá a estenderse pouco a pouco.

O proceso de globalización vai seguir adiante porque a humanidade está entrando nunha nova fase de maior integración, consecuencia do nivel da tecnoloxía, o que profundará a redistribución de poder entre países, pero tamén entre centros financeiros.

Probablemente Nova York non vai recuperar un papel tan destacado como o que tivo.

Por último, é importante subliñar que a crise está a abrir un interesante debate no espazo das ideas. En decembro, o último premio nobel de economía, Paul Krugman, publicou un interesante libro, *The return of depression economics and the crisis of 2008*, que remata cunha reflexión sobre a influencia das ideas, lembrando unha frase de Keynes: “Máis cedo ou máis tarde, son as ideas, non os intereses, as que son decisivas para ben ou para mal”.

Ficará claro que o mercado, o mellor instrumento coñecido para xerar riqueza, non funciona só e que necesita regulación e supervisión. A crise soterrará a herdanza das teorías neocon, moi influentes dende os tempos de Margaret Thatcher e Ronald Reagan. O debate vaise centrar principalmente nos procedementos e na intensidade dos controles públicos.

#### **4.4. Límites da multipolaridade**

Por *Fernando Pérez-Barreiro Nolla*

Cara ao remate da primeira década deste século que vai deixando de ser novo, arrástrase a grande incógnita do fin do século anterior. Coa idea de que as características que lles apomos aos séculos duran por veces máis e por veces menos do que din os calendarios, este século en que estamos comezou en 1989, co afundimento da Unión Soviética. Emerxeu daquela o que se chamou o final da Guerra Fría, pero foi a revelación de que sen esa tensión parabólica faltaba o fundamento dunha certa orde mundial. Daí que non che-

garan a materializarse os “dividendos da paz”. O país que parecía ter resultado a única hiperpotencia e víase chamado á hexemonía, que é dun dos xeitos de impor orde, anunciou unha “nova orde mundial”. A vía escollida polos dirixentes de Washington neses momentos decisivos para establecer esa orde foi a dunha demostración de forza no Oriente Medio, que aumentou a desorde e empananou aos Estados Unidos nunha lameira da que non se sabe como vai saír.

Ese marasmo que, por paradoxo, é un marasmo violento, permitiu que aproveitasen a ocasión para afirmarse no escenario mundial outras potencias como a China, a India, e tamén o Irán e a propia Rusia, nunha reacción previsíbel.

Nesa perspectiva non se pode esperar moito do paso dun ano a outro. O 2008 non foi máis que, por dicilo algún xeito, unha estabilización da inestabilidade. A elección presidencial estadounidense entretivo as esperanzas dos ben-pensantes, condenadas á frustración en maior ou menor medida polas duras realidades da política mundial.

A realidade, por sorte, é case sempre caórdica, quer dicir, que o caos xera a súa propia orde, como se non podera existir por si só. O que non se sabe é canto vai demorar en cada caso. O mundo multipolar de que tanto se fala aínda non está configurado. Os aspirantes a ser un dos polos son varios. Todos eles teñen graves problemas internos. China, sen dúbida, e peor aínda a India. O subcontinente sudasiático estivo sempre moi contido en si, pero coa partición de 1947, criou unha dimensión internacional para os seus conflitos. En 2008 estivemos a rentes dun conflito indo-paquistano que aínda ameaza en 2009.

Os candidatos a potencias chave no mundo multipolar acoden a medios moi tradicionais para afianzarse nese mundo. Un rearme intensivo en terra, mar e aire é o máis notábel. A Unión Europea non atopará doado conciliar as súas pretensións pacifistas coas realidades do poder (e as dos servizos secretos que aparenta non ter). Incluso a capacidade nuclear semella hoxe menos relevante. Como se voltase a lóxica da guerra fría, o feito de que tanto India como Paquistán teñan esa capacidade frea, segundo parece, as hostilidades abertas entre eses dous países.

Albíscase un retorno ás grandes realidades xeopolíticas. A xeografía aínda conta neste mundo que virou máis pequeno. Hai quen di que ata conta nos patios de vecindade das nosas cidades, e nunca deixou de contar no mundo rural.

A ONU non ofrece esperanzas de rexer esa nova orde. Naceu dunha situación de distribución de poder moi concreta, a do final da Segunda Guerra Mundial. Por moito que se leve falado, neste século XX que se prolonga, da necesidade de reformar esa organización, a propia lóxica institucional desta impide esa reforma. Se a reforma haberá de consistir en reflectir a situación do mundo real, esta é tan caótica que só podería crear agora un caos luxoso. O que si poden facer as Nacións Unidas é o que xa veñen facendo: estimular a cooperación internacional en cuestións concretas e graves, tais como as da seguridade da navegación, a loita contra as epidemias, e outras semellantes. Incluso sería ben convinte que xogasen papel maior nas cuestións do cambio climático, por exemplo, quitándollas das mans aos intereses nacionais que nunca as van dar resolvidas. Evitar

guerras, en troques, non lles vai ser nin doado nin quizais posíbel.

Haberá que ver se en 2009 Estados Unidos consegue liberarse da armadilla do Oriente Medio, e a partir daí talvez se albisque a forma dun mundo multipolar, coa súa diplomacia e a súa xeopolítica. Tres ou catro imperios disfrazados?

#### 4.5.

#### **Globalización e cultura**

Por *Ánxelo González*

Vimos de terminar o Ano Internacional das Linguas, establecido pola UNESCO, e as previsións continúan a ser igual de negativas que cando este se iniciaba: das 6.000 linguas que na actualidade existen espérase que apenas 3.000 cheguen a ver a fin do século. Considerando as linguas unha das máis evidentes manifestacións da diversidade cultural mundial, e levando en conta que desde hai décadas a velocidade con que desaparecen aumenta constantemente, podería pensarse nunha correlación negativa entre globalización e cultura. No entanto, ao mesmo tempo, encontramos un indicador que parece apuntar nun sentido completamente diferente: partidos e movementos sociais que se aseveran representantes e defensores de culturas minoritarias gañan forza nalgúns partes do mundo. Así, cal é a relación entre globalización e cultura? Pode a globalización axudarnos a entender dous indicadores aparentemente contraditorios?

A globalización consiste fundamentalmente na drástica redución ou posibilidade de redución das barreiras espacial e temporal na circulación planetaria de comunica-

cións, bens, servizos e persoas, mercé do aparecemento de innovacións tecnolóxicas nos últimos decenios. Mais estas vantaxes teñen sido aproveitadas nomeadamente no ámbito económico, tal como teñen sustido teóricos como Hobsbawm, por ser unha necesidade do capital, que precisa de mercados para aproveitar as economías de escala, mellorar as marxes de beneficios e garantir, deste modo, a súa supervivencia.

A este carácter marcadamente económico da globalización ha de serlle acrecentada a tendencia, especialmente intensa no sistema económico capitalista, da inxerencia da economía no resto de esferas da vida. Todo acaba sendo susceptible de se converter en negocio, debido en boa medida á fácil valorización de calquera cousa que posibilita o diñeiro. Pénsese na importancia do capital en deportes como o fútbol ou a fórmula 1, pero tamén na alimentación, na saúde, etc. A cultura non é unha excepción a esta regra, de modo que as producións literaria, musical ou cinematográfica vinculadas a unha identidade determinada, vense suxeitas ao exame da rendibilidade.

Neste contexto, gozan de maior favor dos capitais aqueles produtos culturais que teñen posibilidade de seren colocados nun mercado máis amplo; o que vén determinado pola familiaridade das poboacións locais potencialmente consumidoras deses produtos con elementos como a lingua, determinadas concepcións relixiosas ou determinados valores sociais. E isto coloca en situación de vantaxe, no ámbito mundial, as culturas anglosaxonas, lideradas polos Estados Unidos, debido ao formidábel traballo de proxección de si no mundo durante as últimas décadas.

Deste modo, chegamos a unha situación, en palabras de Alain Touraine, en “que as fronteiras e as tradicións son atravesadas pola distribución dos mesmos bens e servizos en todo o mundo, ficando inmensos aspectos dos nosos comportamentos, que xulgábase protexidos por pertenceren supostamente ao dominio da esfera privada, expostos á cultura de masas e por ela ameazados”. Nesta situación, moitas culturas non poden resistir as forzas homoxeinizadoras e sucumben. Xa algún instituto internacional ten aseverado que desaparece unha lingua cada dúas semanas, por exemplo.

No entanto, noutros casos leva a unha toma de consciencia da ameaza e á adopción dunha posición de resistencia. Isto explica en certa medida o crecente vigor de reivindicacións fortemente ligadas a identidades colectivas minoritarias, asumindo esta vigorización, moitas veces, a forma de chegada ao poder ou crecemento de partidos nacionalistas inseridos nestas correntes.

# Tempo exterior

REVISTA DE ANÁLISE E ESTUDOS INTERNACIONAIS

Segunda etapa  
Vol. IX  
nº 17/Julio-Diciembre 2008  
P.V.P. 10 euros  
[www.igadi.org](http://www.igadi.org)

## Carta aos lectores

**Asembleas constituíntes e novo constitucionalismo en América Latina**  
Rubén Martínez Dalmau

**Colombia: escenario de guerra, futuro de paz**  
Enrique Posada Cano

**Colombia, un reto ao futuro**  
Pilar López-Dafonte Suanzes

**Desafíos e retos da política de Rafael Correa en Ecuador**  
Esther Castro Cidre

**Cara a un novo modelo na acción exterior da Xunta**  
Julio César Fernández Mato

**Unha ollada á paradiplomacia galega: 2005-2008**  
Celso Cancela Outeda

**A cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia: avances e retos**  
Fabiola Sotelo Sotelo



## Presenza da cultura galega no exterior

Xosé Luis Franco Grande

**Argentina: límites económicos e políticos tras anos de crecemento**  
Julio C. Gambina

**Belindia: como afrontar o reto da desigualdade en América Latina?**  
Alfredo Toro Hardy

**A xestión e dirección da economía en Cuba**  
Julio A. Díaz Vázquez

**A Unión Mediterránea tralo Cumio de París: nova estratexia?**  
Bichara Khader

## Libros

Resumo-Resumen-Abstract



[www.igadi.org](http://www.igadi.org)

# En Galicia temos opinión do mundo

**Tempo exterior** é unha revista semestral de análise e estudos internacionais.


Editada en Galicia e en galego, os seus contidos abordan con perspectiva os asuntos máis candentes da realidade internacional, sen desatender os intereses propios.

Dirixida por Xulio Ríos, conta cun Consello Académico que reforza a súa independencia, pluralidade e rigor. De utilidade para estudantes, profesores, políticos ou empresarios, profesionais ou líderes sociais nos máis diversos campos, **Tempo exterior** é unha publicación do teu interese.

## Subscricións: Igadi.

Avenida Joselín, 7-P3 4ºB-D, 36300-Baiona (Pontevedra).  
Teléfono: 986 357 238, e-mail: [info@igadi.org](mailto:info@igadi.org).

Consulta os contidos de Tempo exterior en [www.igadi.org](http://www.igadi.org).



# IGADI ANNUAL REPORT 2008-2009



## As crises dunha nova xeopolítica global



[www.igadi.org](http://www.igadi.org)



INSTITUTO  
GALEGO  
DE ANÁLISE  
E DOCUMENTACIÓN  
INTERNACIONAL



IGADI



### En Galicia temos opinión do Mundo

